



# OUTONO CARRAL

do 4 de outubro ao  
29 de novembro de 2024

Local Xente Nova de Tabeaio



## PROGRAMA

# PROGRAMA

## APAGA O CANDIL

*Contraproducións*

venres 4 outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 10 anos

## SAÍNDO DO CERCO

*Teatro do Miolo*

venres 11 outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 10 anos

## DIENTE DE LECHE

*Titirefue e Titiritainas Teatro de Títeres*

*Festival GALICREQUES*

sábado 12 outubro - 19:00 h.

Idades recomendadas: maiores de 4 anos

## O AUTO DO CASTROMIL

*Producións Teatrais Excéntricas*

venres 18 outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

## TESTOSTERONA

*Malasombra*

venres 25 outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 16 anos

## EMOTIVAS

*Titiritres*

*Festival GALICREQUES*

sábado 26 outubro - 19:00 h.

Idades recomendadas: maiores de 3 anos

## IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER

*Compañía Humana*

venres 1 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

## MADE IN GALICIA

*Sarabela Teatro*

venres 8 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

## CHICAGO

*Teatro Arroutada de Carral*

*(teatro amor)*

venres 15 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 10 anos

## LA PROFECÍA

*A Tropa do Rueiro de Tabeaio*

*(teatro amor)*

sábado 16 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 10 anos

## SOLO

*Roi Borrallas*

venres 22 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 4 anos

## CRISÁLIDA

*Caramuxo Teatro*

venres 29 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 4 anos

# APAGA O CANDIL

Contraproducións

venres 4 outubro - 20:30 h.



*SINOPSE: Noite de luar. Encrucillada de camiños. Entra en escena un home miúdo e melancólico. É o personaxe d'O Xestal.*

*Cun candil na man, vestido de repolludo gaiteiro rosaliano, sáelle ao paso un mozo novo e garrido. É a morte.*

*O personaxe d'O Xestal négase a recoñecer a morte en tan atípica fasquía. Cando finalmente a recoñece resístese a seguila, establecéndose entre eles unha dinámica e amena tirapuxa na que se entreveran os episodios máis significativos da vida d'O Xestal con algún dos seus contos máis divertidos.*

**AUTORÍA E DIRECCIÓN:** Cándido Pazó

**ELENCO:** Avelino González e Toni Salgado

**IDADES RECOMENDADAS:** maiores de 10 anos

# SAÍNDO DO CERCO

Teatro do Miolo

venres 11 outubro - 20:30 h.

*SINOPSE: Suso é un novo residente no centro asistencial de maiores, alguén que pensa que por estar nos derradeiros episodios da súa vida, esta xa non merece ser vivida. Amalia, pode ser a peza que faga dar un xiro aos acontecementos e facer de Suso outro home, atopar o sentido da súa vida ou afastalo dela.*

**AUTORÍA E DIRECCIÓN:** Guillermo Cancelo

**ELENCO:** Chelo Lamela, André Vázquez e Guillermo Cancelo

**IDADES RECOMENDADAS:** maiores de 10 anos





# DIENTE DE LECHE

*Titerefué e Titiritainas Teatro de Títeres (Ecuador)*

*Festival GALICREQUES*

sábado 12 outubro - 19:00 h.

**SINOPSE:** *Unha noite moi clara, un estraño aparello voador cruza o ceo do barrio de San Goloteo. O seu piloto é nin máis nin menos que o famoso Rato Pérez, cuxa misión é recoller os dentes de leite que as nenas e os nenos deixan debaixo das almofadas para convertelos en estrelas. El e todos os ratiños que forman a Compañía Pérez y Pérez, viaxan por rúas, casas e barrios de todo o mundo para levar a cabo a súa noble tarefa de iluminar o firmamento. Chester e Bigotes, dous gatos caprichosos, están no seu rastro, porque queren ese tesouro para trocar por inutilidade e luxos que todo gato soña ter.*

**TÉCNICA:** *monicreques de luva, manipulación á vista e luz negra*

**IDADES RECOMENDADAS:** *maiores de 4 anos*



# O AUTO DO CASTROMIL

*Producións Teatrais Excéntricas*

venres 18 outubro - 20:30 h.

**SINOPSE:** *A obra acontece nunha viaxe onírica abordo dun coche de liña. Os viaxeiros dormen e talvez o conductor. As maletas e demais bagaxes amotínanse, cobran vida e repasan unha curiosa historia de Galiza, combaten a nosa amnesia conxénita usando autos populares e farsas do autor chairego. Nelas aparece a historia alucinada dun pobo que loita, é derrotado, volve levantar a cabeza e rebelarse de novo. Unha rebelión na que, ás veces, non temos mais armas que o humor e o espírito antroidesco. O auto do Castromil é unha viaxe en transporte público pola Galiza inconsciente. Está feita con anacos das obras de Manuel María "A rebelión dos baús" "O Auto dos semulados da Caravilla", "Unha vez foi o trebón", "Abril de Lume e Ferro" e o "Entremés da OTAN".*

**AUTORÍA:** Manuel María

**DRAMATURXIA E DIRECCIÓN:** Quico Cadaval

**ELENCO:** Rocío González, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Patricia Vázquez

**IDADES RECOMENDADAS:** *maiores de 12 anos*



# TESTOSTERONA

*Malasombra*

venres 25 outubro - 20:30 h.



*SINOPSE: O director dun importante medio de comunicación debe deixar o seu posto en mans dun dos seus dous subdirectores. Unha é muller, home o outro. Que influirá nesa decisión?: a capacidade?, o sexo?, a experiencia?, a audacia?, o engano?, a trampa?...*

*AUTORÍA: Sabina Berman*

*VERSIÓN E DIRECCIÓN: Xoque Carbajal*

*ELENCO: Camila Bossa e Luis Iglesia*

*IDADES RECOMENDADAS: maiores de 16 anos*

## EMOTIVAS

*Titiritres*

*Festival GALICREQUES*

sábado 26 outubro - 19:00 h.

*SINOPSE: A través das amigas Melancolía, Irritación e Seguridade descubriremos o que son as emocións, como nos fan sentir e o divertidas e o complexas que son. Estes tres personaxes farannos viaxar a outros lugares onde cantaremos, riremos e aprenderemos a entender por que sentimos como o facemos.*

*TÉCNICA: bocóns*

*IDADES RECOMENDADAS: maiores de 3 anos*



# IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER

*Compañía Humana*

venres 1 novembro - 20:30 h.



*SINOPSE: Iphixenia, unha nini de barrio, pasa os días nun bucle de alcohol e apatía rondando as rúas da súa vila. Unha noite coñece a un tío distinto dos demais e comeza a sentir unha sensación extraña, como de non estar soa. A partir de aquí, unha serie de circunstancias alleas levará á protagonista a sufrir unha grande perda. Se no mito clásico Iphixenia era sacrificada polo seu pai Agamenón para contentar ós deuses e proseguir coa guerra de Troia, nesta traxedia dos nosos días é a propia protagonista quen decide sacrificarse e converter o seu sufrimento en xenerosidade cara a sociedade que a marxina.*

**AUTORÍA:** Gary Owen

**DIRECCIÓN:** Sara Rey

**ELENCO:** Alba Caneda

**IDADES RECOMENDADAS:** maiores de 12 anos

# MADE IN GALICIA

*Sarabela Teatro*

venres 8 novembro - 20:30 h.

*SINOPSE: Sarabela leva a escena o recoñecido libro sobre a lingua galega do autor Sechu Sende. Unha comedia sobre o uso do galego que mestura a divulgación, a ironía e a realidade dun xeito perfecto.*

**AUTORÍA:** Sechu Sende

**DRAMATURXIA:** Fernando Dacosta e Fina Calleja

**DIRECCIÓN:** Fina Calleja

**ELENCO:** Sabela Gago, Josito Porto, Elena Seijo e Fernando Dacosta

**IDADES RECOMENDADAS:** maiores de 12 anos



# CHICAGO

*Teatro Arroutada de Carral  
(teatro amator)*

venres 15 novembro - 20:30 h.

*SINOPSE: Chicago, anos 20. Roxie Hart, unha muller que soña con subir ao escenario do Clube Onyx, é acusada de asasinar ao seu amante e é enviada a prisión. No cárcere, coñece á súa admirada Velma Kelly, unha estrela do jazz condenada por matar ao marido e á irmá. A vida destas dúas mulleres vese dende este momento entrelazada. Somerxidas no bullebulle do cabaret, jazz e alcol, tratarán de convertirse nas asasinas de moda máis encantadoras de Chicago, acadando así a ansiada fama.*



**DIRECCIÓN E ELENCO:** Inés Barbeito e Zoraida Gestal

**IDADES RECOMENDADAS:** maiores de 10 anos

## LA PROFECÍA

*A Tropa do Ruego de Tabeaio  
(teatro amator)*

sábado 16 novembro - 20:30 h.

*SINOPSE: Nunha vila hai unha profecía: o home máis rico morrerá á medianoite. Cando o sabe o home máis rico, que casualmente é o alcalde (malo, arrogante e egoísta), usará os seus conselleiros para axudarlle a encontrar unha solución ao seu problema, xa que non quere morrer.*



**AUTORÍA:** Susana Crespo

**DIRECCIÓN:** Maite Vázquez

**ELENCO:** Margarita Ramilo, M<sup>a</sup> Teresa López, Isabel Hermida, Juan Antonio García, Carmen Rodríguez, Juan Carlos Candal, Orlanda Montes, Julio Maceiras, Dolores Bestilleiro e Lita López

**IDADES RECOMENDADAS:** maiores de 10 anos



# SOLO

## Roi Borrallas

venres 22 novembro - 20:30 h.

*SINOPSE: O habitat natural de calquera pallaso é a escena co seu público ¿Pero que pasa cando queda só? É no camerino onde se mistura a persoa e o personaxe. Onde se desdubuxa a liña que os separa. Un limbo que non é o escenario nin a vida real. É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo. Pasen e vexan a trastenda deste artista, as súas ideas e tolemias. Vexan como se defende da soidade e a rutina con imaxinación e humor. Pasen e vexan o que ninguén ve. Unha persoa ante si mesma. Un actor sen público. Un pallaso cando ninguén o observa.*

**AUTORÍA, DIRECCIÓN E INTERPRETACIÓN:** Roi Borrallas

**IDADES RECOMENDADAS:** maiores de 4 anos

## CRISÁLIDA

### Caramuxo Teatro

venres 29 novembro - 20:30 h.

*SINOPSE: Crisálida é unha mercería coruñesa con máis de 80 anos de existencia. A obra, baseada en feitos reais deste comercio tradicional, adéntranos na súa tenra historia percorrendo infinitas caixas de botóns, pasando por extensos mostrarios de calcetíns e panos ata chegar aos selfies feitos coa última tecnoloxía. Crisálida é unha homenaxe a esas persoas que crean comunidade, que fan que as nosas cidades e vilas teñan vida e sexan ricas en historias.*

**DIRECCIÓN:** Olga Margallo

**ELENCO:** Josito Porto, Laura Sarasola,  
Anahí Taraburelli e Juan Rodríguez

**IDADES RECOMENDADAS:** maiores de 4 anos





# TEATRO DE OUTONO DE CARRAL

## NOTAS IMPORTANTES

- *A entrada é de balde e o acceso limitado á capacidade da sala.*
- *Requírese puntualidade, xa que unha vez iniciada cada función, non se permitirá o acceso á sala para non interrompir o espectáculo.*
- *O acceso ao público abrirase 15 minutos antes do inicio dos espectáculos.*
- *Recoméndase respectar as idades mínimas fixadas para cada espectáculo.*
- *Non se permite o acceso á sala de carros ou cadeiras infantís.*
- *Prégase que durante as funcións se manteñan apagados teléfonos e trebellos electrónicos.*
- *Os espectáculos representados por compañías de teatro amator merecen o mesmo respecto e comportamento por parte do público.*
- *Solicitamos que unha vez rematada cada función atenda un cuestionario sobre o espectáculo, que estará dispoñible en papel no mostrador da sala ou en internet con acceso cun código QR repartido polo local. Agradecemos a súa colaboración que nos permite coñecer a súa opinión sobre a programación teatral municipal.*
- *Os aseos son compartidos para ambos sexos e está habilitado á esquerda do escenario. Se ten necesidade de usalo durante a función, pregámoslle que o faga con discreción para non molestar aos artistas e aos restantes espectadores.*

## MÁIS INFORMACIÓN

Facebook: [Cultura Carral](#)

Instagram: [@culturacarral](#)

[www.carral.es](http://www.carral.es)